

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Subvencións e axudas**

*BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DE SERVIZOS SOCIAIS DE
COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2025-2026*

*BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS DE COMEDOR ESCOLAR
CURSO 2025-2026 DO CONCELLO DE REDONDELA*

PRIMEIRO.— DEFINICIÓN

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer as axudas de Comedor Escolar como prestación de carácter económico destinada ás familias con menores que estean a utilizar os servizos de comedor escolar en centros públicos do municipio de Redondela.

Con estas axudas preténdese garantir a escolarización, compensar potenciais carencias de tipo familiar ou económico, evitar situacións de risco social e asegurar unha nutrición axeitada.

O sistema de acceso a estas axudas estará supeditado ás prazas dispoñibles de cada centro escolar. O outorgamento destas subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva de acordo cos criterios recollidos nestas bases e convocatoria.

A Constitución española, no seu artigo 39, fai constar a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, por outra banda nos artigos 41, 139.1 e 149.1.1 recóllese a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de todas as persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan o impiden a participación plena de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución Española establece que "os poderes públicos... aseguran a protección social, económica e xurídica da familia", así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares". A Constitución atribúe a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20 ás comunidades autónomas, que no marco dos seus estatutos teñen promulgado as leis de servizos sociais. (En Galicia Lei 4/1993, do 14 de abril e Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia).

A Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establece a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social. Vista a disposición adicional cuarta da Lei de Galicia 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

A Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia no artigo 60 atribúelle aos concellos, entre outras competencias, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos dos servizos sociais comunitarios básicos. No título II da presente lei define o catálogo de servizos sociais e regula as intervencións, os programas, os servizos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial os nenos e as nenas e os e as adolescentes, dispensándolles especial atención ás familias con dificultades e máis a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, poñendo en funcionamento actuacións de apoio á familia e de prevención de situacións de desprotección e conflito social.

Por todo, o Concello de Redondela publica as bases e convocatoria de axudas para o servizo de comedor escolar, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

SEGUNDO.— OBXECTO

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto a concesión de subvencións, para o curso escolar 2025-2026 ás unidades familiares e de convivencia cuxas/os menores estean escolarizadas/os en centros públicos situados no municipio de Redondela, cursen o 2º ciclo de Educación Infantil ou Educación Primaria e fagan uso do servizo de comedor escolar.

As axudas cubrirán o período comprendido dende o comezo do curso escolar en setembro de 2025 e ata o remate do curso escolar, en xuño de 2026 ou posibles prórrogas por alertas sanitarias ou de outro tipo sempre co límite cuantitativo da provisión inicial.

Non se admiten solicitudes de asistencia esporádica ou variable. A asistencia mínima e constante será de polo menos tres días á semana.

As axudas de comedor non cobren gastos de seguro de comedor ou cotas de alta das ANPAS se as houbese, que serán aboadas polas familias beneficiarias.

TERCEIRO.— IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O crédito global que se dispón para o outorgamento das prestacións a conceder será de 40.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2311A/4800001 do orzamento vixente.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

De acordo coa excepción introducida polo artigo 30 c) do regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que remite ao artigo 25.3, o crédito orzamentario poderá verse ampliado, sen necesidade dunha nova convocatoria, se antes da data da resolución de concesión das axudas se aprobase un novo orzamento por unha contía superior á inicialmente estimada e se tramitase o correspondente expediente de gasto.

Este incremento quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e á súa publicación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

A percepción destas axudas é compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente, público ou privado. En ningún caso o importe das subvencións poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total do servizo do comedor da persoa subvencionada.

A estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da Lei xeral de subvencións, unha das obrigas da persoa beneficiaria é comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O crédito global recollido neste artigo poderá ser incrementado previa habilitación orzamentaria no seu caso seguindo o preceptuado no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. Prevese que no caso de que exista sobranse nalgunha destas aplicacións orzamentarias poderase transferirse á outra aplicación orzamentaria no caso de ser necesario, sempre que a mesma se poida realizar de acordo coa norma orzamentaria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

CUARTO.— PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS A CUMPRIR

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias as unidades familiares empadroadas no Concello de Redondela que teñan menores ao seu cargo, escolarizados no curso académico 2025/26 na segunda etapa de educación infantil ou en educación primaria nalgún centro de ensino público do termo municipal de Redondela.

Aos efectos desta convocatoria considérase unidade familiar a formada:

- Os cónxuxes ou parellas de feito, titores legais ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- As crianzas menores de idade.
- As crianzas maiores de idade que contén con certificado de discapacidade en grao superior ao 33% ou incapacitadas/os xudicialmente, suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.



- Os/as irmáns maiores de idade e menores de 25 anos empadroados coa unidade familiar que acrediten carecer totalmente de recursos económicos mediante a autorización de acceso ou a presentación dos datos da renda do ano anterior ou certificado negativo de retribucións.
- No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, a/o destinataria/o da axuda será a nai ou o pai que teña atribuída a custodia da/o menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial. Neste suposto non se considera membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante, pero si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe, parella de feito ou persoa unida ao solicitante da axuda. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos.

Nos supostos de acollemento ou adopción, a persoa destinataria da axuda será a que estableza a resolución administrativa ou xudicial.

Nos casos de garda e custodia compartida das/os menores para os que se solicita a axuda, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

No caso de existencia de malos tratos na unidade familiar de convivencia que tiveran lugar nos últimos tres anos a contar dende a publicación desta convocatoria acreditarase a situación de violencia de xénero segundo recolle o artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Neste caso quedarán excluídos do cómputo de rendas e ingresos do agresor e a efectos de cálculo RPC considerárase familia monoparental.

De non acreditarse a situación de violencia de xénero segundo a Lei, as instrutoras poderán pedir informe complementario á directora do CIM municipal onde recolla a existencia desta situación.

En ningún caso poderán ser destinatarias/os da axuda os proxenitores privados da patria potestade das súas crianzas, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública ou persoa xurídica privada.

Nunha mesma unidade familiar só un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, e poderán concederse tantas axudas como número de menores utilicen o servizo de comedor escolar nos centros públicos de Redondela.

A subvención destinarase ao alumnado que unha vez feita a avaliación ao abeiro do baremo aprobado coas presentes bases e convocatoria, acade a puntuación necesaria para poder acceder a devanditas axudas, dentro do orzamento existente.

Terán a condición de beneficiarias de acordo co Artigo 10.1 da Lei de subvencións de Galicia as persoas que estean na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases e convocatoria.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

2. As unidades familiares recollidas no apartado anterior deberán cumprir os seguintes requisitos:

- A unidade familiar deberá estar empadroadada antes de rematar o prazo de entrega das solicitudes e residir de modo efectivo no Concello de Redondela.
- Que os membros maiores de idade da unidade estean ao corrente das súas obrigas tributarias, non ter débedas contraídas coa facenda local, autonómica ou estatal. No caso da facenda local a acreditación deste feito deberase cumprir na data de finalización do prazo de entrega de solicitudes.
- Convivir co alumnado para o que se solicita a axuda.
- Que o alumnado estea matriculado nun centro educativo público situado no municipio de Redondela.
- Contar con praza adxudicada para as crianzas no servizo de comedor escolar dun centro educativo público situado no municipio de Redondela, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar, agás os meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo.
- Non se admitirán solicitudes de asistencia esporádica ou variable, deberá de ser como mínimo de tres días constantes á semana. Deberá indicarse no Anexo I cales serán os días nos que o alumnado acuda ao comedor.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos establecidos, non téndose en conta as solicitudes que se reciban fóra de prazo.
- Non exceder dunha renda per cápita anual expresada na táboa seguinte para o exercicio económico 2024 para a unidade familiar das/os menores, segundo os datos económicos da correspondente declaración de IRPF de 2024.

A renda per cápita anual será o resultado da división da totalidade das rendas da unidade familiar entre o seu número de membros.

As rendas obteranse do seguinte modo:

- a) No caso de ter presentada declaración da renda: pola suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro. (casas 435 e 460)
- b) No caso de non ter presentada a declaración da renda, pola suma de todos os ingresos minorados polos gastos, perdas ou reducións que consten no certificado de imputacións expedido pola AEAT.

Táboa de renda per cápita aplicable

Nº de membros na unidade familiar	Renda per cápita	Renda máxima
2	7.560,00 €	15.120,00 €
3	6.300,00 €	18.900,00 €
4	5.670,00 €	22.680,00 €
5	5.292,00 €	26.460,00 €
6	5.040,00 €	30.240,00 €



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

Por cada compoñente a partir de sete se irán sumando 3.500 euros no tope de renda máxima.

QUINTO.— PUBLICIDADE, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A.— Publicidade

A publicación das Bases da convocatoria realizarase na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

B.— Prazo

O prazo de solicitude é de 30 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto da convocatoria.

C.— Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes deberán presentarse no impreso municipal específico para esta convocatoria, asinado pola persoa solicitante (nai, pai, titor/a) acompañadas da documentación acreditativa de cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar a situación socio-familiar.

Poderán presentarse:

- No Rexistro xeral de entrada do Concello de Redondela, tanto na oficina municipal de Chapela como na Casa do Concello, en horario de atención ao público.
- A través da sede electrónica do Concello <https://redondela.sedelectronica.es>.
- Por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante PAC).

As solicitudes realizaranse no impreso normalizado (Anexo I) e presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia do Libro de Familia completo ou documento oficial acreditativo dos membros da unidade familiar coa súa data de nacemento.
- Fotocopia da última declaración da Renda (ano 2024), ou no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da administración de Facenda cos datos fiscais de todas as persoas que formen parte da unidade familiar maiores de 18 anos.

Non será necesario esta presentación deste documento no caso de autorizar o acceso no Anexo I.

- No suposto de membros da unidade familiar en situación de desemprego, copia cotexada da tarxeta de demandante de emprego cunha antigüidade mínima de un mes anterior á data da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



- Acreditación da situación familiar:
 - No suposto de separación e divorcio: copias da sentenza e do convenio regulador onde figure a garda e custodia e o importe da pensión de alimentos.
 - No suposto de unións de feito separadas con crianzas menores recoñecidos no Libro de Familia ou documento de análogo carácter: copia da sentenza de asignación de garda e custodia e contía da pensión de alimentos. De non achegarse devanditos documentos entenderase que non existe separación de feito polo que ámbolos proxenitores deberán presentar todos os documentos laborais e económicos esixidos a cada membro da unidade familiar.
 - En situacións de falta de pagamento nos dous casos anteriores, presentárase copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o Xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
 - No suposto de menores en situación de garda e custodia compartida: xustificantes de ingresos de ámbolos dous proxenitores (declaración da renda).
 - No suposto de acollemento de menores por resolución administrativa ou auto xudicial: copia do certificado do organismo competente e no seu caso a contía da remuneración que se perciba.
- No caso de necesidade de conciliación da vida familiar e laboral, debe acreditarse a través da copia cotexada do contrato de traballo e dun certificado de empresa onde reflecta o horario laboral e o lugar de traballo de ambos proxenitores. En caso de separación, o proxenitor que teña a garda e custodia deberá entregalo.
- No caso de existencia de malos tratos na unidade familiar de convivencia que tivesen lugar nos últimos 3 anos a contar desde a publicación desta convocatoria: acreditación da situación de violencia de xénero, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo).
- Fotocopia da certificación do grao de discapacidade e/ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos como tales.
- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Anexo II: listado da documentación presentada.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo III).
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal coa Facenda autonómica, coa Facenda local e coa Seguridade Social (Anexo III).
- Declaración doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (Anexo IV).
- Delegación de pagamento (Anexo V).
- Solicitude de anticipo do cobro das axudas concedidas (Anexo VI).



Os documentos que figuren en idioma distinto aos idiomas oficiais na comunidade autónoma de Galicia deberán ir acompañados de tradución oficial de ditos documentos.

As fotocopias de documentos, deberánse presentar cotexados ou achegar o documento orixinal para o seu cotexo. No caso de que a solicitude se faga por medios electrónicos, a documentación presentada será escaneada da orixinal. Deberá gardar relación co obxecto da subvención.

As instrutoras do expediente poderán esixir calquera outra documentación que considere precisa para valorar a situación socio-económica das persoas solicitantes. No caso de que algunha documentación requirida non poida presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada.

Toda solicitude na que se observe a falla de documentación necesaria para a súa valoración, será requirida por escrito á persoa interesada para que, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da comunicación, presente a documentación solicitada ou corrixa as deficiencias indicándoselle que, de non presentala, se lle terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Para completar a solicitude, o Departamento de Servizos Sociais municipais solicitará de oficio a seguinte documentación:

- Certificado de existencia ou non de débedas co Concello de Redondela dos membros da unidade familiar.
- Certificado de convivencia.
- O Anexo X e o Anexo XI certificados da ANPA nos que conste, que ten concedida praza no servizo de comedor escolar, o custo por día do servizo de comedor escolar, o custo mensual se opera mediante tarifa plana, o número de días da prestación por trimestre natural, o día de inicio e o número de conta bancaria da ANPA para recibir os pagos delegados.

SEXTO.— CRITERIOS DE VALORACIÓN

A baremación das solicitudes ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a teor da maior necesidade estimada mediante o outorgamento dunha puntuación a cada unha das solicitudes en razón directa ó grao de necesidade estimado, mediante a avaliación acumulada dos seguintes factores:

1. Situación económica: 10 puntos
2. Avaliación da situación socio-familiar: 20 puntos.

1. Situación económica resultante dos datos económicos do exercicio 2024 (IRPF, certificado negativo), máximo 10 puntos

- Rendos per cápita igual ou superior a 7.500 euros: 0 puntos.
- Rendos per cápita superiores a 6.500 euros: 2 puntos.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

- Rendas per cápita superiores a 5.500 euros: 4 puntos.
- Rendas per cápita superiores a 4.500 euros: 6 puntos.
- Rendas per cápita superiores ou iguais a 3.500 euros: 8 puntos.
- Rendas per cápita inferiores a 3.500 euros: 10 puntos.

Enténdese por renda per cápita a suma de todos os ingresos percibidos pola unidade familiar dividido entre o número de membros que a compoñen.

2. Avaliación técnica da problemática social: valorarase a situación de risco de exclusión social ou de desprotección na que poidan atoparse ao alumnado cun máximo de 20 puntos.

A situación será avaliada polo persoal técnico de Servizos Sociais a través dun informe de valoración.

As educadoras sociais e instrutoras do expediente valorarán os seguintes ítems:

- Familias nas que algún dos seus membros é usuaria/o do Servizo municipal de educación e apoio ás familias (SEAF): 4 puntos.
- Familias monoparentais segundo o artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia a convivencia de Galicia: 2 puntos.
- Familias numerosas segundo o artigo 2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección a las Familias Numerosas: 1 punto.
- Familias nas que algún membro teña unha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro: 2 puntos.
- Dificultades de atención á/ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas das súas persoas coidadoras: 2 puntos.
- Situacións de violencia de xénero ou doméstica/familiar segundo o recollido no artigo 4.1 destas bases: 2 puntos.
- Avaliación da necesidade de conciliación laboral e familiar: 1 punto.

As traballadoras sociais valorarán os seguintes ítems:

- Familia en risco de exclusión social con seguimento activo nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos: 4 puntos.
- Outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores e detectadas polas profesionais dos Servizos Sociais (alcoholismo, adicción á substancias, ludopatías, delitos ou faltas, desestructuración, enfermidades graves, etc..., presentes na unidade familiar): 2 puntos.

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables ata un máximo de 20 puntos.

A puntuación total que se obterá despois de valorar as solicitudes será a resultante de sumar as puntuacións obtidas en cada un dos baremos dos criterios de valoración 1 e 2. A puntuación máxima a acadar non excederá dos 30 puntos.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

O importe da concesión acadará o 100% do custo xustificable sempre que o crédito orzamentario existente así o permita.

O importe total das subvencións concedidas non poderán superar a contía máxima establecida nas bases e convocatoria, tendo en conta o establecido no artigo Décimo cuarto.

O importe da subvención reducirase en todo caso ata o importe xustificado pola ANPA no caso de que este sexa inferior.

Poderá concederse contías en porcentaxe menor a criterio da Comisión de Valoración, en función da data de inicio do uso do servizo comedor e da previsión de días de asistencia ao mesmo.

SÉTIMO.— PRELACIÓN DE SOLICITUDES

No suposto de que o número das axudas solicitadas que reúnan os requisitos esixidos supera o importe destinado ás mesmas, darase prioridade a aquelas solicitudes que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a seguinte prioridade:

- Maior puntuación no apartado 6.2. correspondente a avaliación da situación socio-familiar.
- Menor renda per cápita.

OITAVO.— PROCEDIMENTO

A instrución do procedemento corresponderalles ás educadoras sociais dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Redondela, ou na súa ausencia o persoal técnico que propoña Alcaldía, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará proposta de resolución. Para iso deberán solicitar as/os representantes das ANPAs o Anexo X e o Anexo XI.

Tamén serán as encargadas de requirir ás persoas solicitantes a corrección de deficiencias.

Avaliadas as solicitudes polas instrutoras segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases e convocatoria, elevarase a unha Comisión de Valoración integrada pola concelleira de Servizos Sociais, que actuará como presidenta, dúas concelleiras/os e unha traballadora social dos Servizos Sociais do Concello, e as técnicas instrutoras do procedemento, que actuarán con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución do órgano competente.

As instrutoras tras a acta da comisión, formularán proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou as instrutoras utilizaran datos diferentes dos achegados polas persoas solicitantes abrírase un prazo de dez días para que puideran presentar



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instructor formulará proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a este artigo, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva debendo expresar a persoa solicitante para a que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, as instructoras emitirán un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

NOVENO.— RESOLUCIÓN

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de persoas beneficiarias ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido nos artigos 123 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de acordo co artigo 24.1 da Lei 39/2015, podendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Sinalándolle que, a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.



O prazo máximo para resolver e comunicar a resolución do procedemento non poderá exceder máis de 3 meses dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O transcurso do prazo máximo sen que se produza a resolución do procedemento producirá o efecto desestimatorio por silencio administrativo da solicitude de axuda, sen eximir á administración da obriga de resolver.

DÉCIMO.— PRAZO DE NOTIFICACIÓN

O outorgamento ou denegación das axudas notificarase con carácter individual ás persoas solicitantes e darase conta á ANPA responsable do comedor escolar de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Se no prazo de dez días as persoas beneficiarias non manifestaran o contrario, entenderase que aceptan a subvención quedando suxeitas ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

No caso de producirse unha renuncia sobrevida durante o transcurso do curso escolar será obrigatorio a súa comunicación a través do cumprimento do Anexo VII e a presentación do mesmo no Rexistro Xeral do Concello de Redondela.

UNDÉCIMO.— OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS E DAS ANPAS

As persoas beneficiarias das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigadas a:

- a) Presentar nos prazos establecidos a solicitude e toda a documentación preceptiva.
- b) Cumprir as bases da convocatoria e as demais normas que resulten consecuencia da mesma.
- c) Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar 2025-2026, a excepción dos meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo.
- d) Utilizar o servizo de comedor como mínimo 3 días constantes á semana.
- e) Manter a escolarización das/os menores e a asistencia ao comedor escolar durante todo o curso escolar 2025-2026.
- f) Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais do Concello as baixas que poidan suceder.
- g) Cumprir coa normativa específica reguladora do funcionamento de cada comedor escolar. Se se adoptase unha medida de expulsión do servizo de comedor por órgano competente, a axuda suspenderase polo tempo que esta sexa efectiva.
- h) Abonar puntualmente, de ser o caso, a parte do importe do servizo de comedor escolar do menor ou menores non financiada polo programa municipal.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

- i) Atender os requirimentos das instrutoras do expediente cando así se lles solicite, así como comunicar a estes calquera incidencia relacionada coa concesión e xestión destas axudas, incluído o cambio de domicilio.
- k) Comunicar por escrito a renuncia á prestación, no caso de producirse e a causa que determine dita renuncia. (Anexo VII)
- l) Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera Administración, ente público nacional ou internacional ou entidades privadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
- m) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade ou concorrente, así coma nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- n) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- ñ) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
- o) Así como calquera outra establecida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006.

As ANPAs deberán cumprir as seguintes obrigas:

- 1. Estar validamente constituídas e rexistradas.
- 2. Dispor dos libros, rexistros e/ou documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable á entidade beneficiaria ou perceptora, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 3. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 4. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan que se conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela.
- 5. Informar trimestralmente coa xustificación (Anexo IX) ao Departamento dos Servizos Sociais da asistencia efectiva ao comedor. Así como informar telematicamente na maior brevidade posible das incidencias que se produzan, medidas de expulsión ou baixas do alumnado ás técnicas instrutoras do expediente.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

6. Achegar telematicamente os Anexos X e XI e a restante documentación solicitada polas instrutoras do expediente necesaria para a instrución do expediente así como as xustificacións trimestrais.

DUODÉCIMO.— PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

Procederáse á publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios do Concello Asemade cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no Taboleiro Electrónico do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida a finalidade ou finalidades da subvención.

DÉCIMO TERCEIRO.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación deberá presentarse trimestralmente de xeito telemático a través da sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.es>) do Concello de Redondela nos 15 días naturais seguintes á finalización do trimestre natural.

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento do resto dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da ANPA, farase coa presentación do formulario correspondente (Anexo VIII), debidamente cuberto, que virá acompañado da documentación xustificativa da certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención e dos gastos realizados como facturas e xustificantes de pago.

Para a xustificación do servizo (Anexo IX) presentarase un documento por cada alumna/o que acredite o uso do servizo, informando dos días de asistencia de cada beneficiaria/o por meses vencidos e o importe do custo total por cada persoa usuaria, polo que a ANPA presentará tantos Anexos IX como unidades familiares existan entre os súas beneficiarias/os.

A xustificación trimestral conterá tamén para acreditar tanto os custes soportados como a realización efectiva do seu pagamento aqueles documentos admitidos no tráfico mercantil de acordo coa lexislación vixente tales como facturas e xustificantes bancarios. As facturas e os seus xustificante de pagamento serán escaneados dos orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

O importe subvencionable trimestral virá determinado polo custe diario multiplicado polos días de asistencia efectiva ao servizo de comedor. No caso dos centros que exista unha tarifa plana mensual ou trimestral o cálculo do importe subvencionable por trimestre virá determinado polo importe das mensualidades fixas correspondentes a ese período reducido no importe proporcional dos días non asistidos, é dicir, empregando para elo o custe diario derivado de



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

dividir o importe de todas as mensualidades entre o número de días lectivos con servizo de comedor durante o curso escolar comunicado ou certificado previamente no momento de concesión das axudas.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase á conta bancaria da ANPA (ou entidade responsable) do centro educativo no que estea matriculado o alumnado, tras a aprobación do anticipo ou a presentación da súa correspondente a xustificación. Para este caso cubrirase o Anexo VIII.

O Concello de Redondela informará á ANPA ou entidade responsable do servizo sobre as resolucións das axudas concedidas, e o importe da subvención será ingresado conxuntamente na conta da ANPA ou da entidade responsable do servizo que esta lle facilitará ao Concello de Redondela.

O traslado de centro docente ao longo do curso dentro do municipio, non supón para a persoa beneficiaria, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro sexa centro público, situado no término municipal de Redondela, exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado aos Servizos Sociais. O importe subvencionado non excederá a cantidade inicialmente concedida para cada trimestre.

DÉCIMO CUARTO.— ANTICIPO DO COBRO DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Na resolución de concesión da subvención á que se refire o artigo nove, aprobarase así mesmo un anticipo correspondente ó 70% da cantidade asignada ao primeiro trimestre e que se fará efectiva na conta bancaria da ANPA. Para iso, cubrirase o Anexo VI.

No momento da xustificación do primeiro trimestre, comprobarase a cantidade xustificada. No caso de que a mesma, supere a cantidade anticipada, procederase ó pago da cantidade restante e ó mesmo tempo volverase a aprobar o anticipo do 70% da cantidade concedida para o segundo trimestre. Pola contra, se a cantidade xustificada non alcanzara a cantidade anticipada, non existirá anticipo para o segundo trimestre, realizando na xustificación do mesmo a compensación pola cantidade pendente de xustificar no primeiro trimestre.

De igual xeito actuarase para o segundo e terceiro trimestre. No caso de que coa presentación da última xustificación, existan cantidades anticipadas non xustificadas, tramitarase o correspondente expediente para o reintegro de ditas cantidades polas persoas beneficiarias.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, os servizos económicos municipais poderán tramitar o correspondente expediente de reintegro no caso de que a/o menor xa non asista ó comedor.

DÉCIMO QUINTO.— REINTEGRO DA AXUDA

Procederá o reintegro da total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do correspondente xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro de acordo co establecido nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

As cantidades a reintegrar terán carácter de dereito público.

Tamén serán aplicables todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións.

DÉCIMO SEXTO.— REVOGACIÓN E RÉXIME DE SANCIÓN

De ter coñecemento as técnicas instrutoras do expediente dun uso irregular do servizo (ausencias superiores ao 20% dos días lectivos trimestrais concedidos) sen causa xustificada por cuestión de enfermidade, expulsión temporal, accidente sobrevido ou situación semellante, iniciárase de oficio un procedemento de revogación da axuda para o período restante.

A falsidade ou ocultación de datos ou documentos achegados na solicitude da axuda, así como non realizar o uso do comedor escolar tendo concedida a axuda, implicará o impedimento de ser persoa beneficiaria da axuda por un período de un ano.

DÉCIMO SÉTIMO.— INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das axudas concedidas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVO.— INFRACCIÓN E SANCIÓN

Estas bases e convocatoria quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENO.— DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello de Redondela, co obxecto de xestionar o presente procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, aos datos persoais destes ficheiros poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello de Redondela, nos termos establecidos nos artigos 13,14,15 e 18 da citada Lei.

VIXÉSIMO.— RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo coas mesmas, efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

1. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

4. Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
5. Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.
6. Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
8. Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela.
9. As bases de execución do orzamento do Concello de Redondela
10. Demais normativa aplicable.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

**Solicitud de bolsa de comedor escolar
(Anexo I)****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI	PARROQUIA	ENDEREZO
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS DO ALUMNADO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA:

Apelidos e nome	Centro escolar	Curso

Días que se vai facer uso do comedor escolar:

3 días á semana	4 días á semana	5 días á semana
-----------------	-----------------	-----------------

Indicar que días á semana acudirá o alumnado:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR (Art.4) :

Apelidos e nome	NIF/NIE	Data nac.	Parentesco	Discapacidade	
				SI / NON	%
1. Solicitante:			Solicitante		
2.					
3.					
4.					
5.					
6.					

SITUACIÓN LABORAL E ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR:

	Nome e apelidos	Activa/o ou Desempregada/o	Actividade laboral	Lugar de traballo	Horario	Ingresos do ano pasado
1.						
2.						
3.						
4.						

EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as bases e convocatoria do programa de axudas de comedor para este curso escolar do Concello de Redondela.

- Que os datos indicados na solicitude son totalmente certos. Son coñecedor/a de que a falsidade ou ocultación de datos que puideran ser obxecto de modificación da situación declarada, poderá motivar a denegación da axuda solicitada.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

AUTORIZACIÓNS DE ACCESO: *(para integrantes da unidade familiar maiores de idade)*

Para solicitar os documentos que obren noutros departamentos municipais e a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes exclusivamente coa finalidade de recoñecemento, seguimento e control dos requisitos deste procedemento, podendo revogar a autorización en calquera momento por escrito:

AUTORIZANTES: NOME E APELIDOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR MAIORES DE IDADE	Parentesc o	Documento de identidade	SINATURA
Solicitante:			

SOLICITA:

acollerse ao Programa de Axudas de Comedor Escolar por considerar que reúne os requisitos esixidos para o beneficio do mesmo, e solicita a presente subvención.

A INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ESTÁ AO FINAL DESTE DOCUMENTO.

Redondela, de de 202

Sinatura da persoa solicitante:

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Y9JJROE3CAHY9ZH



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria do programa de axudas de comedor escolar do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

**Documentación a presentar
(Anexo II)****Co obxecto de xustificar a necesidade da axuda solicitada, achego a seguinte documentación sinalada cunha cruz:**

	Impreso de solicitude, cuberto e asinado (ANEXO I) e documentación a presentar (Anexo II).
	Fotocopia do DNI/NIE de todos os membros da unidade familiar.
	Fotocopia do libro de familia.
	Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador.
	Resolución da administración autonómica que acredite o acollemento familiar.
	Fotocopia da última declaración da Renda, ou no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da administración de Facenda cos datos fiscais de tódalas persoas conviventes maiores de 18 anos.
	Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego en caso de desemprego de todos os membros de convivencia maiores de 16 anos.
	Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18.11.2003) (ANEXO III).
	Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (facenda estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social (ANEXO III).
	Declaración doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (ANEXO IV).
	Delegación de pagamento (ANEXO V).
	Fotocopia título de familia numerosa en vigor.
	Certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral e lugar de traballo de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda) e fotocopia do contrato de traballo.
	Acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo).
	Fotocopia da certificación ou tarxeta que acredite o grao de discapacidade.
	Solicitude de anticipo do cobro das axudas concedidas (ANEXO VI).



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

(Anexo III) - Declaración responsable

1º. SOLICITANTE: proxenitor, gardador, outro	
DNI / NIE	Apellidos e nome

2º. Outro proxenitor, gardador, titor	
DNI / NIE	Apellidos e nome

MENORES DE IDADE E OUTROS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR	
Apellidos e nome	Centro de ensinanza de referencia

DECLARAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o sinaladas no art.13 da Lei xeral de subvencións (BOE nº276 de 18 de novembro de 2003).

- Que, en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non incumpro ningunha obriga por reintegro de subvencións.

- Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, o cal asino en cumprimento do artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Que de obter outra axuda ou bolsa para comedor, para o presente curso escolar, procedente doutra administración ou entidade pública ou privada comunicareino por escrito ao Concello de Redondela.

Redondela, de de 202

SINATURA DA/O DECLARANTE 1	SINATURA DA/O DECLARANTE 2

SINATURA DA/O DECLARANTE 3	SINATURA DA/O DECLARANTE 4

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

Declaración doutras axudas**(Anexo IV)**

Dona/Don con DNI

en calidade de representante da/os menor/es

solicitante das axudas de comedor escolar do Concello de Redondela para este curso escolar en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**Axudas concedidas:**

Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
Si se me concedeu axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe

Axudas solicitadas:

Non solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
Si solicitei axuda para esta mesma finalidade

Entidade que concede a axuda	Importe

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a/o solicitante
Redondela, de de 202

Sinatura da persoa declarante:**SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

(Anexo V)**Delegación do pagamento**Eu D/D^a. con número de

DNI autorizo á ANPA con

CIF , a percibir a contía que no seu caso se me conceda en concepto de

subvencións de axudas de comedor escolar curso 202 / 202 .

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA**SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Y9JJROE3CAHY9ZH

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

(Anexo VI)

Dona/Don con número de DNI solicitante do Programa de axudas de comedor para este curso escolar do Concello de Redondela

EXPÓN

Que non teño solicitado declaración de concurso voluntario, nin fun declarada/o insolvente en ningún procedemento, nin estou declarado/a en concurso, nin estou suxeita/o a intervención xudicial nin fun inhabilitada/o conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non son debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

Que conforme ao artigo Décimo cuarto das bases e convocatoria do Programa de axudas de comedor escolar curso 2025-2026 do Concello de Redondela lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto do servizo.

SOLICITA

O abonamento anticipado do 70% da cantidade concedida por cada trimestre ingresándose á ANPA do centro educativo para este curso escolar.

Redondela, de de 202

Sinatura da persoa solicitante

A INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ESTÁ NO REVERSO DESTE DOCUMENTO

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Y9IIROE3CAHY9ZH



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria do programa de axudas de comedor escolar do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

Renuncia**(Anexo VII)**

Dona/Don con número de DNI en calidade de representante da/os menor/es escolarizados para este curso escolar no centro educativo ,

solicitante das axudas de comedor escolar do Concello de Redondela para este curso escolar, pola presente comunico aos Servizos Sociais do Concello de Redondela que as/os menores arriba mencionadas/os deixan de asistir ao comedor escolar para o que tiñan concedida axuda municipal a partir do día (indicar a data), polo motivo que se indica:

Redondela, de de 202

Sinatura da persoa solicitante

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

**Xustificación da subvención
(Anexo VIII)**

Dona/Don con número de DNI en representación da ANPA (ou entidade responsable) responsable do servizo de comedor escolar do Centro Educativo .

EXPÓN:

Que presenta a documentación para xustificar a subvención concedida a través do Programa de axudas de comedor escolar para este curso escolar do Concello de Redondela, correspondente ao trimestre.

SOLICITA que conforme ás bases e convocatoria reguladoras do Programa de axudas de comedor escolar para este curso escolar do Concello de Redondela lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto do servizo.


Documentación que presenta:

- Xustificación da subvención (Anexo VIII)
- Xustificación do servizo (Anexo IX)
- Facturas
- Xustificantes do pagamento dos gastos realizados

A INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ESTÁ NO REVERSO DESTE DOCUMENTO

Redondela, de de 202

Sinatura da persoa representante:



SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Y9IIR0E3CAHY9ZH



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria do programa de axudas de comedor escolar do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Asemade, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Asemade, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

**Xustificación do servizo por alumna/o
(Anexo IX)**

Dona/Don con número de DNI en calidade de secretaria/o da ANPA do Centro Escolar

CERTIFICA que os datos abaixo expostos corresponden ao custo do menú e a asistencia da/do menor beneficiaria/o do Programa Municipal de axudas de comedor escolar para este curso escolar.**Alumna/o:**

NOME		APELIDOS			
CURSO		CUSTO MENÚ/DÍA (IVE INCLUÍDO):			
DÍAS DE ASISTENCIA NO TRIMESTRE	(A) SETEMBRO:	(B) 1ºMES:	(C) 2ºMES:	(D) 3ºMES:	TOTAL (SUMA A+B+C+D):
CUSTO MENÚ DO TRIMESTRE	(E) SETEMBRO:	(F) 1ºMES:	(G) 2ºMES:	(H) 3ºMES:	TOTAL IVE incluído (SUMA E+F+G+H):

Certificado que se expide aos efectos de xustificar a subvención.

Redondela, de de 202

Sinatura e selo da/o secretaria/o**SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

Certificado da información subministrada pola ANPA**(Anexo X)**

Dona / Don
con número de DNI como secretario/a da ANPA
do Centro Escolar

CERTIFICA

que os datos abaixo expostos corresponden ao custo do menú, aos días lectivos por trimestres con servizo de comedor e aos neno/as que contan con praza no mesmo.

- **Custo do Servizo (IVE incluído).** Opte por unha opción:

	€ / día	€ / mes e	€ / día de custe teórico diario*
IVE incluído	IVE incluído	IVE incluído	

*Na opción mensual debe cubrir tamén o custe teórico diario =
Importe total do curso escolar dividido polo nº de días totais do curso

- **Días de comedor por trimestre**

Trimestre	Días lectivos
1T	
2T	
3T	
TOTAIS	

DÍA DE INICIO:

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

- **Alumnado con praza no comedor**

NOME E APELIDOS	Marque se ten praza	NOME E APELIDOS	Marque se ten praza

- **O número de conta bancaria da ANPA para recibir os ingresos delegados:**

IBAN

Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

- **Outras observacións:**

Certificado que se expide aos efectos de posibilitar a valoración polos Servizos Sociais do Concello de Redondela das posibles persoas beneficiarias e os importes das axudas para o comedor escolar no vindeiro curso escolar.

Redondela, _____ de _____ 202

Sinatura

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Y9JJROE3CAHY9ZH



Xoves, 26 de xuño de 2025

Núm. 121

Anexo XI - DATOS BANCARIOS DA ANPA**NOME DA ANPA**

con CIF do Centro Educativo

Enderezo:

Localidade: Provincia:

SINATURA E SELO DA PERSOA REPRESENTANTE DA ANPA**NOME DA ENTIDADE FINANCEIRA:**

Enderezo da axencia:

Localidade: Provincia:

Redondela, de de 202

DATA, SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA**IBAN:**